



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ REXISTRO XERAL	
ENTRADA n.º	12.
SAIDA n.º	
DATA:	25/09/2026

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE POLA QUE SE MODIFICA O CALENDARIO ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

ANTECEDENTES

1. O 28.05.2026 esta Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) aprobou o regulamento e o correspondente calendario electoral anexo da Federación Galega de Xadrez (FGX), tras a aprobación da asemblea xeral desta o 02.05.2026.
2. No citado calendario electoral estaba prevista a constitución da mesa para o voto por correo para o 15.09.2026
3. Ningún dos membros da mesa electoral se presentou na sede da SXD para a constitución da mesa na hora establecida.
4. O 22.09.2026 a xunta electoral da FGX presentou no rexistro desta SXD un escrito solicitando a admisión dunha nova data para a constitución da mesa de voto por correo e a modificación do seu calendario electoral, xunto coa Acta N.º9 da Xunta Electoral , nos seguintes termos:

"A 22 de setembro de 2026, sendo as 11:00 horas, reúnese a Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez, válidamente constituida, co fin de elaborar un novo



calendario electoral.

Á vista de que o pasado 15 de setembro non se constituiu a Mesa Electoral do voto por correo, por non comparecencia dos membros da Mesa:

- Procédese a fixar unha nova data de celebración para a apertura do voto por correo: 29 de setembro de 2026*
- Partindo da nova data da mesa de voto por correo, e tendo en conta a normativa electoral, modifícase o Calendario Electoral e remítese á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para a súa aprobación e validación.*
- O día 23/09/26 procederase á un novo sorteo para formar parte da mesa electoral do voto por correo"*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. O artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG núm. 71, do 13.04.2026), na súa versión consolidada, atribúe á Administración autonómica a facultade aprobar os regulamentos electorais das federacións deportivas.

Segundo. O artigo 56.4.e) da citada Lei sinala como unha función pública delegada, exercida en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno.

Tendo en conta todo o anterior, RESOLVO:

1. Aprobar a modificación proposta do calendario electoral para a FGX, que se achega anexa a esta resolución. As datas que contén o regulamento electoral da FGX aprobado o 28.05.2026 entenderanse modificadas de acordo co calendario anexo a esta resolución.
2. Ordenar a publicación desta resolución na páxina web da FGX e darlle a maior difusión posible para os efectos de publicidade do proceso electoral.





Esta resolución esgota á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a súa notificación consonte o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14.07.1998), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpor calquera outro que estimen pertinente.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Roberto García Fernández

O secretario xeral para o Deporte

ANEXO

FASE V: ELECCIÓN DE ASEMBLEÍSTAS		
1	Xornada electoral presencial: - mesas - voto - escrutinio	12 de setembro
2	Mesa voto por correo	29 de setembro
3	Proclamación provisional de candidatos electos	30 de setembro
4	Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva	05 de outubro
5	Resolución do CGXD	15 de outubro
6	Proclamación definitiva dos membros electos	16 de outubro
7	Toma de posesión dos membros electos	23 de outubro

FASE VI: CANDIDATURAS Á PRESIDENCIA		
1	Presentación de candidaturas á presidencia	23 de outubro
2	X.E.: Publicación provisional de candidatos	26 de outubro
3	Reclamacións á Xunta Electoral	29 de outubro
4	Resolución da Xunta Electoral	03 de novembro
5	Recurso ante o CGXD	06 de novembro
6	Resolución do CGXD	17 de novembro
7	Proclamación definitiva de candidatos: a) Se non hai recursos ante a Xunta electoral b) Se hai recursos ante a Xunta electoral	a) 02 de novembro b) 19 de novembro





FASE VII: ELECCIÓN DA PRESIDENCIA - TOMA DE POSESIÓN		
1	Asemblea Xeral, constitución e votación á presidencia a) Se non hai recursos ante a Xunta electoral b) Se hai recursos ante a Xunta electoral	a) 07 de novembro b) 28 de novembro
2	Proclamación provisional da presidencia a) Se non hai recursos ante a Xunta electoral b) Se hai recursos ante a Xunta electoral	a) 09 de novembro 30 de novembro
3	Recurso ante o CGXD a) Se non hai recursos ante a Xunta electoral b) Se hai recursos ante a Xunta electoral	a) 12 de novembro b) 03 de decembro
4	Resolución do CGXD a) Se non hai recursos ante o CGXD b) Se hai recursos ante o CGXD	a) 23 de novembro b) 15 de decembro
5	Proclamación definitiva da presidencia: a) Se non hai recursos ante o CGXD b) Se hai recursos ante o CGXD	a) 13 de novembro ou 04 de decembro b) 24 de novembro ou 16 de decembro
6	Toma de posesión a) Se non hai recursos ante a Xunta electoral b) Se hai recursos ante a Xunta electoral	a) 16 de novembro ou 07 de decembro b) 25 de novembro ou 17 de decembro

